ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 12 DE SETEMBRO DE 2019.

Asistentes:

ROBERTO CASTRO ROCAMONDE
MARÍA JOSEFA CODESIDO BARREIRO
ADELA ISABEL IGLESIAS TOJO
GEMMA VERÓNICA LÓPEZ DE FUENTES
XOÁN ANTÓN LOUZAO RODRÍGUEZ
MARÍA ELVIRA MARTÍNEZ LÓPEZ
JESÚS MARTÍNEZ PEREIRA
MANUEL PUGA GARCÍA
ALFREDO SOUTO CASTELO

Na Casa do Concello de Touro (A Coruña), sendo as trece horas e trinta minutos do día doce de setembro de dous mil dezanove, reuníronse os señores concelleiros da marxe ao obxecto de celebrar sesión extraordinaria do Pleno do Concello para a que foran previamente convocados, baixo a presidencia do señor Alcalde, D. Ignacio Codesido Barreiro, e coa asistencia do Secretario titular, D. José Antonio Gómez Pedreira.

Reunindo os asistentes o quórum necesario para a válida celebración das sesións, polo señor Alcalde abriuse a sesión cos seguintes puntos na orde do día:

I.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS CELEBRADAS OS DÍAS 12 DE XULLO E 19 DE AGOSTO DE 2019.

Remitidas con antelación suficiente aos señores concelleiros as actas das sesións celebradas o día 12 de xullo e 19 de agosto de 2019 (dúas sesións) e non existindo desconformidade coas mesmas, son aprobadas por unanimidade.

II.- POS+ ADICIONAL 1/2019 (2ª FASE).

Dáse conta do informe da Comisión de Obras, Servizos e Urbanismo, relativo ás obras a incluír no POS+ Adicional 1/2019 (2ª Fase) e da proposta do grupo de goberno municipal.

Polo señor concelleiro D. Roberto Castro Rocamonde, en nome do grupo Marea Veciñal de Touro, maniféstase que o seu grupo votará en contra especificando que este plan é unha parte do millón de euros que compoñen a totalidade do POS+ 2019, cunha achega de 225.000 euros a gastos correntes e 175.000 euros a préstamo, pero que se destina na súa totalidade a obras e viarios, onde efectivamente existe unha deficiencia nas vías municipais, que é patente que estes investimentos tratan de camuflar.

Así mesmo, segue a expoñer, é preciso que exista un plan municipal de vías e obras que priorice e defina as vías principais que teñen maiores custos e outras terciarias con custos menores, sendo preciso a realización dun plan de viabilidade que defina os criterios de mantemento das vías públicas municipais.

D. Roberto Castro Rocamonde, segue a manifestar, que despois de 30 anos seguen a utilizarse criterios de arbitrariedade, deixando atrás os asfaltados de eiras e camiños privados e agora con outro

sistema de asfaltado utilizando diñeiro público. Ata o de agora coa adxudicación das obras a dedo, a través do procedemento negociado, sendo unha corrupción legal na que non se promovía a competencia para determinara as mellores condicións económicas e técnicas.

Polo señor D. Roberto Castro Rocamonde séguese a manifestar que que poderían incluírse outro tipo de infraestruturas, posto que o POS permite a realización de bibliotecas /a de agora é un zulo), arquivo que está abandonado, escolas unitarias (tamén abandonadas), ximnasio (abandonado), piscina cuberta, etc, especificando que ao mesmo tempo téñense feito obras que parece que se estivese nadando na opulencia, cando por exemplo as beirarrúas na Goleta, especificando que as obras son boas pero as beirarrúas que había estaban en bo estado, así como obras que contribúen a contaminación do río Portapego xa afectado polas desfeitas das actividades da mina, anunciando o voto do seu grupo en contra.

Polo señor D. Xoán Louzao Rodríguez, en nome e representación do grupo do BNG, pregúntase cales foron os criterios para elixir as obras.

O señor Alcalde contesta que as que estaban peor foron as que se meteron.

O señor Xoán Louzao Rodríguez manifesta que habería que priorizar o tipo de vía.

O señor Alcalde contesta que se incluíron estradas principais, antes téñense feito sendas pero nesta ocasión incluíase o asfaltado das estradas.

O señor Xoán Louzao Rodríguez manifesta que xa teñen votado en contra dos plans que se destinaban a asfaltado e cemento, especificando que debería existir unha clasificación entre vías principais e secundarias, especificando que como se mete demasiado asfalto, despois hai que mantelo.

O señor Xoán Louzao segue a expoñer que se vai abster, posto que o plan adolece dunha planificación en materia de obras, non se priorizan os tipos de vía, especificando que se tira polo máis cómodo, manifestando que non está en contra pero que se trata de parches con algunhas cantidades en obras que non se sabe ben como se poderán facer, preguntándose quen decide o que fai falta.

O señor Alcalde contesta que é o Goberno quen decide.

O señor concelleiro D. Xoán Louzao Rodríguez manifesta igualmente que a súa abstención serán tamén polas obras que non se fan.

O señor Alcalde manifesta que a proposta ten pasado por unha comisión de obras.

O señor Xoán Louzao manifesta que un exemplo é a ponte de Bama que non se está a arranxar.

O señor Alcalde contesta que non lle parece que sexa unha vía principal e que é preciso autorización de Augas de Galicia.

O señor Xoán Louzao Rodríguez manifesta que onde hai accidentes debe actuarse.

O señor Alcalde manifesta que ten sinais para ir a velocidade adecuada.

O señor Xoán Louzao manifesta que cando hai accidentes hai que actuar e no tema dos sinais pon o exemplo dun sinal a 10 km nun sitio e onde nunca houbo un accidente.

O señor Alfredo Souto Castelo manifesta que foi un enxeñeiro o que puxo o sinal con criterios legais.

O señor Alcalde manifesta que se trata dun caso puntual que puido subsanarse, especificando que tivo que realizar un informe dun enxeñeiro que especificara que non estaba correcto o sinal.

O señor Xoán Louzao Rodríguez manifesta que non soamente había o sinal senón 8 bandas.

Pola señora concelleira Dª Gemma López de Fuentes, en nome do grupo do PSG-PSOE, anúnciase a súa posición de abstención, especificando, en primeiro lugar e como xa se postularon en moitas ocasións, critican e botan en falta a consulta previa sobre a valoración das obras e servizos necesarios para as veciñas e veciños de Touro con tódolos grupos municipais desta Corporación.

Así mesmo, manifesta que seguen sen comprender porque nunca e de novo non contaron co resto dos seus compañeiros de corporación municipal, para traballar e sacar adiante obras e servizos, nas que estiveran presentes os intereses de tódolos representantes políticos, e non só das concelleiras e concelleiros do Partido Popular.

Entenden e saben que o goberno pode adoptar esta vía, atópanse dentro do marco político permitido, pero ben é certo que abrir paso á participación de tódolos representantes, con independencia de cores, sería un avance de xigante no exercicio democrático do seu goberno.

Por outro lado, o Partido Socialista de Touro, nunca se vai opoñer a toda obra ou servizo que redunde nun beneficio veciñal, agora ben cando a maioría de obras que traen hoxe para solicitar a nosa a probación, consisten en limpeza de cunetas e melloras de firme viario, excepto unha delas que pretende reforzar a seguridade viaria, cremos que teñen como característica moi pouca altura de miras, e que se ciñen a corrixir erros en zonas concretas, cando pensamos que deste tipo de plan e dunha dotación económica nada desprezable, poderíase facer moito máis por mellorar a calidade de benestar e servizos eficaces, das veciñas e veciños, e a nós parécenos que o que buscaron con estas obras foi saír do paso e non elaborar un plan fundamentado de necesidades reais para os veciños de Touro.

Ademais, segue a manifestar Dª Gemma, este plan ten como obxecto a realización, con libre dispoñibilidade por parte dos concellos, das obras e servizos necesarios. En todos estes anos non viron que se abordara a posta en marcha de proxectos de servizos tan necesarios como son no Concello de Touro, no que moitos precisan ser implantados e todos mellorados.

O grupo socialista bota en falta novamente, falta de capacidade do seu goberno para mellorar e crear servizos con estas achegas económicas da Deputación da Coruña, centrándose, sen restarlles importancia, en obras de rebacheado, das que se podía facer cargo este Concello, usando as ferramentas axeitadas para iso.

En último lugar, o Grupo socialista de Touro entende que este plan tiña unha oportunidade excepcional para atender ás necesidades dun importante colectivo deste Concello, o das persoas maiores, se contemplara a posibilidade da posta en funcionamento dun centro de día, que cubrira as necesidades de manter un contacto entre iguais, de realizar un proxecto vital ilusionante, de crear un espazo no que as súas familias se sentiran atendidos nas súas demandas de conciliación, e ademais como unha forma de crear emprego e fixar poboación.

Sometido a votación, o Pleno, por seis votos a favor (do grupo do Partido Popular), dous votos en contra (grupo Marea Veciñal de Touro) e dúas abstencións (grupos do BNG e PSG-PSOE), acorda:

1.- "Participar na **2ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) Adicional 1/2019** da Deputación Provincial da Coruña**,** cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, solicitando a aplicación do resto da maior achega provincial asignada non utilizada na 1ª Fase, aos investimentos financeiramente sostibles que se indican a continuación, e aprobar os correspondentes proxectos de obras ou pregos das subministracións:

Investimentos financeiramente sostibles 2ª Fase POS+ Adicional 1/2019	**Financiamento dos investimentos**		
	Deputación	**Concello**	**Orzamento total**
Mellora do firme do camiño en Loureiros e outros.	63.501,61	-	63.501,61
Mellora do firme do viario de Loxo a Arinteiro e outros.	64.330,42	-	64.330,42
Mellora do firme do viario de Subres hacia Mane e outros.	71.244,82	-	71.244,82
Mellora do firme do viario en A Eirexe (Foxás) e outros.	62.397,56	-	62.397,56
TOTAL	261.474,41	-	261.474,41

Maior achega provincial asignada ao concello	439.153,80
Maior achega provincial aplicada na 1ª Fase	177.679,39
Maior achega provincial aplicada na 2ª Fase	261.474,41

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Declarar que o concello ten crédito, e de ser o caso, que se compromete a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios, para facer fronte á achega municipal aos investimentos financeiramente sostibles incluídos na 2ª Fase do POS+ Adicional 1/2019, se o concello voluntariamente realiza algunha achega ao seu financiamento.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorizase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo señor Alcalde declarouse finalizada a sesión sendo as catorce horas e trinta minutos do día ao principio indicado, levantándose a presente acta autorizada coa firma do señor Alcalde e de min, o Secretario, que dou fe.